Galicia ENCANTADA
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

ÁREA RE-CREATIVA

O baile do sol

O baile do sol [fragmento]
Xerardo Méndez

———

A aira caía entre dúas planuras antes de se tirar pola barronca da Barreira e, acollido a unha sombra, botou os ollos, por entre os buratos da frouma, ó ceo. No azul, alá lonxe, recortábase un miñato. E tirando cara Montoedo -o monte de perfil limpo como unha castaña que non podía ver pero si adiviñar detrás dos carballos do fondo- outro. A tarde, ou o que fora, meteulle ós paxaros gana de enreda, e mirando paxaros que daban voltas no ar, coma nun baile, fecháronselle os ollos. Fóronselle camiño do azul do ceo. De socato, a terra quedaba embaixo. O regato, o Porto, partía a terra en dúas parroquias, no aquén Pigüeiros e no alén Boazo, podía ver o correr da auga como unha cinta de prata arredando os outeiros. Os agros, leiras, cortiñas, soutos, eixidos, fragas e montes, debuxaban unha rede que apertaba a pel do mundo, na que, coma peixes, aparecían aquí e alá as siluetas dalgún penedo. A Pena Branca. A Pena da Ferradura, lonxe. A Pena Negra, esgazada pola raíz dun carballo, onde se amoreaban, seica, os corvos cando había trono. O Outeiro dos Mouros, no cima do regato, erguíase coma un pequeno misterio, e con ollos de gabián viu correr un coello entre os toxos de Fonte Espiñeira. Un pulo animal botouno contra o chan: o aire esvaráballe polo corpo que caía, caía, apertándolle as plumas e obrigándoo a converter os ollos en dúas grezas fixas no medo que alcanzara aquelas orellas guichas, requichadas... O coello amagoulle para a dereita e foise contra o outro lado, pero aquilo xa o esperaba: un caneo deses non o había enganar. No derradeiro instante, a carreira do animal volveu cambiar de rumbo, e deixouno apreixando a alfombra de follas secas. Ergueu o voo un tanto e quixo volver por aquela presa, pero o erro déralle ó amigo das orellas requichadas a oportunidade que lle compría para salvar o pelico, perdéndose por baixo dun torrón. Ceibou a carraxe cun berro que esgazou o limpo silencio da tarde e foise a unha árbore, a rosmar contra un azar ingrato. Atopouse nunha cerdeira, coas pernas colgando dunha galla. As cereixas eran gordas, mais que coloradas, granates, dun granate escuro, case coma de sangue. Alargou un brazo e meteu na boca a carne cálida, pero refrescante, dunha dozura infinita, dunha daquelas cereixas. Revolveu a carabuña entre os dentes, limpando ben aquel esqueleto redondo, e finalmente, cuspiuna contra o ceo. Colleu mais. E

comeu, comeu, comeu. Comía sen parar, e por mais que comía mais lle sabían e mais lle pedía o corpo, sen se fartar nunca. Cuspía carabuñas como unha metralladora e sorprendeuse vendo medrar unha fraga de cerdeiras. Rente súa, un corvo fitábao. Mirábao con pouca gana, como pesando o mérito que podía haber nel para se dignar entregarlle unha palabra. Unha brisa maina revolveulle a penuxe, e, como se fora un sinal acenoulle para que o seguira, sen dar chío. El botouse da cerdeira embaixo, caeu de pé, afuciñou, e ao botar as mans por diante volvéronselle pezuños. Sentiu unha forza cega aniñándolle nas patas, abaneou a cachola para espantar unha mosca e lambeu o cairo dereito cunha lingua grosa, na que remanecía o tasto das cereixas. O corvo seguía a lle acenar; botou atrás del, abríndose camiño entre os toxos, furando por baixo das silvas: correndo os carreiros escurecidos pola frouma, espantando carrizas e pardaos de sono lixeiro e feroz indignación. Cruzou o camiño de Fonte Espiñeira e colleu cara Boazo polo outro camiño da encrucillada, afouto, sen medo de perigo ningún. O corvo seguía diante súa, turrando del cara algures, e así chegaron á regata. Porque máis ca río, o Porto é unha regata pequena, que por non ter, non ten nin peixes. Unha rá esbardallaba no alto dun penedo:

-Acabouse a tranquilidade.

pero el non lle fixo caso ningún e envorquillouse no fresquío: no claro da auga ao primeiro, e no barro negro onde morría o camiño, despois. Cando rematou a operación abaneou a cabeza sentindo estoupar as orellas ao bater na cachola: pló, pló, pló. A indignación fixo estoupar a dignidade do corvo:

-¿Quererás apurar, grandísimo marrau? Que non temos todo o día...

¡Buá! ¡Que voz! ¡Que porcaría de voz! Soaba como unha grade arrastrada por unha penedía. Iso foi o que pensou, non sabía ben porque se lle achegaban ó maxín segundo que cousas, pero o ánimo andáballe disposto para a enreda, e se o corvo grallaba, pois que grallara o que quixera.

-Veña, comebelotas, que aínda temos camiño...

Oírse chamar comebelotas non lle gustou moito, pero abaneou outra vez as orellas e marchou atrás do corvo, contra corrente, regata arriba, furando os valados por onde podía, cruzando os lameiros por onde estaba aínda a herba sen segar, non fora ser o demo, que nunca se sabe... Deron no Outeiro dos Mouros, e alí, rente a un penedo enorme, o corvo pousou no cima dun carballo seco, na última punta da última galla.

En canto pousou, os pés volveron calzar zapatillas, e as mans fóronselle á procura dunha caxata. A pena era branca, branca coma unha saba. Branca coma un seixo. Branca coma leite. Branca. E no alto durmía unha cobra. Unha cobra pequena. Podía esmagarlle a cabeza. Si, podíalla esmagar se quixera. A caxata era dura: se lle daba un pau con ela habíalle espachurrar os miolos na pedra. E mais... non foi quen. Acordoulle a aboa, rente ó lume, coas labaradas xogando a debuxarlle as liñas da cara. A avoa falaba das serpes, do tempo no que os animais falaban e había cobras que voaban e cans coma cabalos. O rei Artús gobernaba a cidade perdida de Antioquía e... Aquela cobra miráballe, e non soubo se o mirar cargaba cunha ameaza ou cunha súplica. A vella faláballe ó lume por falar para todos.

- O bico do valente esperta do sono á doente...

A cobra miráballe sen pestanexar, sen se mover. O único que facía era mirar. E el, outro tanto.

- Seica, daqueles tempos, queda xente durmindo nas pedras. Si, si, dentro das pedras. Mudos, cegos coma toupas, pero non xordos, que oír seica escoitan todo...

Ergueuse, e desde o alto daquel seu corpo viu como a cobra baixaba a cabeza e pechaba os ollos. Deu tres pasos pra subir ó alto do penedo. Púxose detrás da cobra e apertoulle, coa caxata, o pescozo contra a pedra. Sen afogala. O xusto para inmobilizala. Despois anicouse de vagar, con pouca presa, e coa outra man apreixouna por trás da cabeza. En canto a tivo ben presa deixou de apertar coa caxata. Daquela xa o corpo da cobra era un abrazo que lle chegaba ó cóbado despois de dar tres voltas desde o pulso. O Sol lucía no alto: a calor petáballe no lombo. Mirou aquela cabeza pequena, e apertou os dentes antes de pousar -valor de raparigo- un bico nela. Dunha nube brincou un trono. O susto tirouno, sentiuse caer da pena, cos ollos aínda pechados polo susto, abrazado a alguén. Caían a rolos polo monte, e sentiu, aínda cos ollos pexados polo medo, o frescor da herba nas costas e a calor dun corpo enriba do seu. O mundo verdegaba como nunca o fixera cando os abriu. As pestanas eran longas. As cellas finas. A fronte limpa. O pelo negro, como a noite, asombráballe a cara, pero entre as guedellas, a luz que entraba era bastante pra ensinarlle aquel rostro que lle roubou o alento cando o viu achegarse, achegarse, pechar os ollos e pousar, nos seus, o sangue quente doutros labios. Logo aquela doce carne abriuse en dúas palabras:

- Meu valente...

►O baile do sol (texto completo)